

Obxecto:	Resposta do promotor. Memoria refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto do Parque eólico Reboiro. Concellos de Castroverde, Baralla e O Corgo (Lugo). Xullo 2022
Proxecto:	Parque eólico Reboiro
Localización:	Baralla, Castroverde e O Corgo (Lugo)
Promotor :	AV Monte Festeiros S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
S/clave:	IN408A 2018/041
Data rexistro:	02.09.2022
Expedientes:	03.I.647.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA 998/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 02.09.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e o Proxecto Sectorial (PS) do Parque eólico Reboiro, emitido en data de 02.06.2022. Para poder emitir o correspondente informe achégase o enlace para descargar o documento "Memoria Refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto do Parque Eólico Reboiro. Concellos de Castroverde, Baralla e O Corgo (Lugo). Xullo 2022".

ANTECEDENTES

O 02.06.2022 a DXPC emitiu un informe do Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Reboiro. Setembro 2021 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Reboiro. Abril 2021, no que se indicou que para poder informar de xeito favorable os documentos, era necesario que se modificasen, corrixisen e completasen os seguintes aspectos:

- Buscaranse alternativas para a vías de acceso aos aeroxeradores que eviten afectar os contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos existentes, dado o alcance das obras que se tiña previsto realizar no contorno destes xacementos e que suporían un impacto negativo e significativo sobre os mesmos.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un proxecto de intervención arqueolóxica de sondaxes arqueolóxicas valorativas que permita comprobar a existencia ou ausencia de restos arqueolóxicos na área de emprazamento do aeroxerador R5, co obxecto de valorar a potencialidade dese lugar (Coto Redondo) situado entre o castro das Croas e a necrópole tumular de Coto Redondo-Queimado. O resultado desta intervención deberá ser posto en coñecemento desta DXPC, como organismo competente na materia, que decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección antes do inicio das obras de construción. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, polo que podería dar lugar a modificar o deseño do parque.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico proxectado coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Os cambios solicitados, suporán un cambio do deseño do parque eólico que terá que ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Terá que revisarse en campo a referencia ao posible Túmulo Queimado 4 (RE27036003), debendo clarificarse se pode ser considerado como un xacemento arqueolóxico, e de ser o caso, avaliarase o impacto e estableceranse as medidas correctoras necesarias ao respecto.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de



cableado estará presente o/a arqueólogo/a que leve a cabo o control e seguimento das obras, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.

- Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado.
- Cómpre sinalar ao respecto que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Esta avaliación do impacto terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Sen prexuízo do anterior, adiántanse as seguintes medidas protectoras e correctoras que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
 - Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas



plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra. Terase especial coidado nas áreas de cautela onde se localizaron o topónimo Pena da Cruz e a anomalía 04, onde unha vez rozada a vexetación revisarase polo miúdo e intensivamente o espazo que vai ser afectado polas obras. Asemade realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos.

- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

Respecto do Proxecto sectorial

- O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse con todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG do 14.01.2021).*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04.07.2022).*



Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

- A documentación presentada inclúe un escrito da entidade promotora no que manifesta a súa conformidade co informe da DXPC e se indica que, seguindo as directrices deste departamento, fixéronse os seguintes modificados do parque eólico:
- Eliminación do antigo vieiro de acceso ao aeroxerador RE-04, así como a gabia proxectada no devandito vieiro co obxectivo de non afectar ás áreas de protección dos xacementos que forman parte de necrópole megalítica de Coto Redondo-Queimado, seguindo as instrucións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O novo vieiro proxectase por un vieiro existente situado ao lado oeste do antigo trazado.
- Para acceder ás máquinas situadas ao oeste do parque eólico modificouse un tramo do antigo Eixo 1, concretamente entre os PQ 4+600 e 5+300, xerando un novo trazado que evita os contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos da Medorra de Coto Redondo 2 (GA27036032) e o Túmulo do Caxigal 1 (Túmulo 01).
- Eliminación do tramo final do Eixo 17 para evitar actuacións en área de cautela.
- Cambio do acceso principal do parque desde a estrada N-VI e o trazado do vieiro que vai cara á posición RE-11, eliminando tramos de nova execución dentro da área de protección das Mámoas da Mocha (GA27036036 e GA27036037), e axustando o trazado o máximo posible aos vieiros existentes.
- Xunto co escrito achegase a nova a memoria arqueolóxica do parque eólico Reboiro, a "Memoria refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto do Parque eólico Reboiro. Concellos de Castroverde, Baralla e O Corgo (Lugo). Xullo 2022", na que se recopila a información xerada e as modificacións realizadas requiridas no informe da DXPC con data 02.06.2022. Cómpre recordar que a prospección arqueolóxica realizada co fin de elaborar a Avaliación de Impacto sobre Patrimonio Cultural fora autorizada o 30.06.2021 ao arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA (CT 102A 2020/407-0). En relación con esta documentación pódense facer as seguintes consideracións:
- A documentación remitida consiste na Memoria refundida de Avaliación de Impacto sobre o patrimonio cultural que inclúe a valoración do impacto das modificacións do proxecto para evitar obras nas zonas de cautela arqueolóxica.

Coas modificacións realizadas ao proxecto do parque eólico e recollidas na documentación agora presentada variaron gran parte dos impactos sobre o patrimonio arqueolóxico, e se eliminaron moitos de eles.

Na zona NW do parque o viario que vai cara ao aeroxerador RE4, desprázase cara ao W seguindo o trazado dunha pista forestal, evitando realizar as modificacións proxectadas inicialmente sobre un viario existente que atravesa polos contornos de protección das mámoas que conforman a necrópole de Coto Redondo-Queimado.

Tamén cambiase o acceso principal ao parque dende o sur, que vén dende a autovía A-6, e se elimina unha ampliación de curva que afectaba os contornos de protección dos xacementos das Mámoas da Mocha (GA27036036-037)

Tamén se modifican a plataforma do aeroxerador RE5 para non invadir a área de cautela dos xacementos arqueolóxicos situados ao leste, xacemento de As Croas/Os Castros (GA27036001) e a necrópole localizada ao W (Coto Redondo-Queimado).

- De acordo con esta memoria refundida, no ámbito de estudo recóllense 33 elementos do patrimonio cultural, dos que 14 son elementos afectados polas obras, todos eles de carácter arqueolóxico.



- Redactouse unha ficha individualizada para cada un dos 14 elementos que se localizan máis preto das obras, e se fai unha valoración dos impactos e se propoñen medidas correctoras específicas para cada un deles. Os elementos arqueolóxicos nos que houbo cambios nas afeccións debido aos cambios do trazado dos viarios son:

Código	Elemento	Axente de impacto e xustificación	Impacto
GA27036001	As Croas/Os Castros	A 211 m ao WSW do elemento, proxéctase a gabiá de cableado do aeroxerador RE5.	Sen impacto
GA27036032	Medorra do Coto Redondo 2	A 240 m ao leste proxéctase a plataforma do aeroxerador RE5.	Sen impacto
GA27036036	Túmulo da Mocha 1	A 22 m ao W do xacemento modifícase viario xa existente cara á máquina RE11 e TM.	Compatible
GA27036037	Túmulo da Mocha 2	A 68 m ao N do xacemento modifícase o viario xa existente cara á máquina RE11 e TM.	Compatible
GA27036039	Túmulo do Queimado 1	A 232 m ao NW do elemento o viario de acceso cara ao aeroxerador RE4.	Sen impacto
GA27036040	Túmulo do Queimado 2	A 251 m ao NW do xacemento proxéctase o viario que vai cara ao aeroxerador RE4	Sen impacto
GA27036041	Túmulo do Queimado 3	A 285m ao NW do xacemento modifícase o viario existente cara á máquina RE04.	Sen impacto
RE27036003	Túmulo de Queimado 4	A 230 m ao NW do xacemento modifícase o viario existente cara á máquina RE04.	Compatible
Túmulo 02 (GA27036088)	Túmulo do Caxigal 2	A 359 m ao S do xacemento, modifícase o viario existente cara aos aeroxeradores situados ao W.	Sen impacto
Túmulo 03 (GA27036089)	Túmulo do Caxigal 3	A 350 m ao Sur do elemento, modifícase o viario cara á máquina RE03.	Sen impacto
TOPÓNIMO	Pena da Cruz	A infraestrutura máis próxima e o aeroxerador RE02 e as súas infraestruturas asociadas proxéctanse dentro do ámbito do topónimo.	Compatible
GA27036002	A Medorriña/ Medorra do Coto Redondo	A 209 m ao Leste do xacemento proxéctase a plataforma do aeroxerador RE5.	Sen impacto
Túmulo 01 (GA27036087)	Túmulo do Caxigal 1	A 335 m ao S do elemento modifícase o viario cara ás máquinas situadas ao W.	Sen impacto
GA27036054	Túmulo do Queimado 5	A 207 m ao sur do xacemento modifícase dunha pista parcelaria	Sen impacto



- Establécense as medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto das obras, e medidas de carácter xeral para os xacementos e elementos de interese patrimonial, xa recollidas no informe do da DXPC do 02.06.2022.
- Ademais se establecen medidas correctoras específicas. Estas medidas son as propostas pola DXPC no informe do 02.06.2022 a algunha proposta polo equipo de arqueólogos/as que redactou o estudo:

Código	Elemento	Medidas correctoras específicas	Impacto
GA27036001	As Croas/Os Castros	Realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas previas ao inicio das obras na área de implantación do aeroxerador RE5. Control arqueolóxico continuo e presencial durante as obras.	Sen impacto
GA27036036	Túmulo da Mocha 1	Realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas previas antes do inicio das obras da área de implantación do aeroxerador RE11. Control arqueolóxico continuo e presencial durante as obras.	Compatible
GA27036037	Túmulo da Mocha 2.	Realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas previas ás obras na área de implantación do aero RE11. Control arqueolóxico continuo y presencial das obras.	Compatible
RE27036003	Túmulo do queimado 4	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do elemento.	Compatible
Topónimo	Pena da Cruz	Control arqueolóxicos presencial de todas as obras dentro da área de cautela do elemento.	Compatible

- Por outra parte, no apartado da análise da paisaxe cultural que fai o arqueólogo nesta memoria refundida, indícase a existencia de valados realizados coa técnica da pedra en seco, identifícanse e propóñense como medidas correctoras xerais para os casos de afección directa:
 - Rexistro detallado, no marco do control arqueolóxico e seguimento das obras, dos tramos que sufran afección directa, con reportaxe fotográfica, debuxo e fotogrametría.
 - Restitución, sempre que sexa posible, dos tramos afectados, coa mesmo material e sistema construtivo.
- Por último, a promotora asume o resto dos condicionados do informe da DXPC.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- Coas modificacións realizadas ao proxecto do parque eólico e recollidas na documentación agora presentada variaron gran parte dos impactos sobre o patrimonio arqueolóxico que se identificaran inicialmente, e se eliminaron moitos deles.
- O equipo de arqueólogos que redactou o estudo comprobou en campo a referencia que se lle pedira (RE27036003), e que pode ser considerada como xacemento arqueolóxico. Porén, tendo en conta o cambio do viario cara ao aeroxerador RE4 que se realizou, non se vería afectado por ningún tipo de obra do parque eólico pero consideran que segundo a delimitación do PXOM do concello do Corgo que esta en zona de protección. Valoran o impacto como compatible e como medidas correctoras específica control e seguimento das obras presencial.



- Con respecto ao impacto sobre o xacemento das Croas/Os Castros (GA27036001), o perímetro de 200 m que se estableceu no estudo como área de cautela do xacemento das Croas/Os Castros (GA27036001), delimitouse a partir da estrutura visible do recinto central con forma oval que ten este xacemento (e que se prolonga cara ao leste cunha terraza). O aeroxerador RE5 proxéctase entre os contornos de protección deste xacemento e a necrópole megalítica de Coto Redondo-Queimado, formada por dez túmulos. Xa se considerara no informe anterior que tanto a construción da plataforma do aeroxerador RE5 (cunha superficie de obra arredor dos 8.230 metros cadrados) como da vía de acceso a este (proxectada a 156 m ao SW do límite exterior do castro e anchar o dobre a vía existente), xerarían unha gran remoción de terras nun espazo que se pode considerar de potencialidade arqueolóxica, se temos en conta que a práctica arqueolóxica ten contrastado con frecuencia evidencias materiais no contorno dos recintos castrexos, que ilustran unha artificialización notable dos espazos periféricos nos poboados da Idade do Ferro. As estruturas que se adoitan detectar nesas periferias non teñen carácter habitacional, senón que están vinculadas coa explotación de recursos naturais e a transformación da paisaxe agraria, vías de tránsito e/ou con condicionantes defensivas e delimitadoras do poboado. Outro tanto podería dicirse da potencialidade dos espazos periféricos das necrópoles megalíticas, onde tamén se teñen documentado poboados prehistóricos con restos non visibles en superficie e caracterizados por presenza de estruturas en negativo tales como fondos de cabana, foxos, buratos de poste, gabias de cimentación de empalizadas, etc. Por tanto, cómpre recordar que se deberán realizar sondaxes arqueolóxicas valorativas que permitan comprobar a existencia ou ausencia de restos arqueolóxicos na área de emprazamento do aeroxerador R5, co obxecto de valorar a potencialidade dese lugar (Coto Redondo) situado entre o castro das Croas e a necrópole tumular de Coto Redondo-Queimado. O resultado desta intervención deberá ser posto en coñecemento desta DXPC, como organismo competente na materia, que decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección antes do inicio das obras de construción do parque. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, polo que podería dar lugar a modificar o deseño do parque. A promotora asume completamente esta medida correctora.
- Con respecto ao impacto no contorno de protección dos xacementos arqueolóxicos Túmulos da Mocha 1 e 2, modificouse o deseño dos viarios nas zonas de cautela tratando de aproveitar ao máximo as zonas de ocupación das pistas existentes, e, por tanto, minimizando as remocións de terras cara ás áreas de protección destes.
- As modificacións introducidas no proxecto do parque eólico e reflectidas na documentación agora presentada non orixinan cambios na valoración do impacto sobre o patrimonio de carácter arquitectónico e etnolóxico, respecto do proxecto informado pola DXPC o 02.06.2022, onde o impacto sobre estes elementos foi considerado nulo.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver o informe técnico e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un informe favorable do documento "Memoria Refundida da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto do Parque Eólico Reboiro. Concellos de Castroverde, Baralla e O Corgo (Lugo). Xullo 2022", coas medidas protectoras e correctoras propostas neste documento e o resto de condicións incluídas no informe da DXPC firmado o 02.06.2022, e tendo en conta as seguintes consideracións:

- As sondaxes arqueolóxicas propostas como medida correctora deberán realizarse antes do inicio de calquera obra. A tal fin, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No caso dos xacementos arqueolóxicos Túmulos da Mocha 1 e 2, as sondaxes arqueolóxicas tamén deberán prever a valoración daquelas áreas que poidan ser alteradas polo acondicionamento das vías de acceso ao parque eólico. O



resultado destas intervencións arqueolóxicas deberán comunicarse á DXPC, que segundo os resultados poderá indicar as medidas protectoras e correctoras que considere oportunas.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou os Concellos previa concesión de licenza deberán remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA, DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela

*Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
Resposta do promotor ao informe da DXPC do 02.06.2022
EsIA e PS do PE Reboiro (Baralla, Castroverde e O Corgo, LU)*

